O noso **programa en 15 puntos**

Eleccións **Municipais 2019**

#OMellorEstáPorVir


Construción do edificio da Biblioteca, espazo socio-cultural e administrativo

Co proxecto xa redactado coa participación dos colectivos culturais, construirase un edificio ao lado do mercado que albergará a Biblioteca Municipal, arquivo municipal, espazos para estudo e actividades educativas e culturais, e outros usos administrativos. Será un espazo dinámico e activo dirixido fundamentalmente aos máis novos para fomentar a cultura, a educación, o estudo e a lectura.



Un novo modelo de xestión do lixo, máis ecolóxico e eficiente

Cambiaremos o modelo do lixo xeralizando a compostaxe como método de tratamento dos biorresiduos e fomentando a recollida selectiva. Un modelo máis eficiente, máis ecolóxico e máis moderno acorde cas directrices europeas.



Novas ideas para o saneamento do século XXI

Inicio dun proxecto piloto de novo sistema de depuración de augas residuais para núcleos onde non hai o colector ou núcleos aillados. Continuar a impulsar o servizo público de baleirado de fosas sépticas creado neste mandato.



O concello dos nenos e das nenas

Logo de ter conseguido que Tomiño fora distinguida como Cidade Amiga da Infancia por UNICEF, queremos que sexa un referente de políticas feitas coa participación e opinión dos nenos e das nenas. Continuaremos coa atención aos centros educativos e ao impulso da educación de xeito participativo e transversal na nosa acción de goberno.



Creación dunha área loxística e empresarial municipal

Dada a incapacidade da Xunta para xerar solo empresarial, o concello de Tomiño impulsará unha modificación do PXOM para dotarnos dunha área empresarial municipal na que poidan instalarse pequenas e medianas empresas do sector terciario ou de servizos.



O Tomiño da industria verde

Continuaremos impulsando ao sector viveirista e impulsaremos coa súa participación a creación dun Centro de Iniciativas Agrarias, que poida aglutinar e visibilizar o potencial do sector produtivo de toda a comarca.



Mellorando as prazas e espazos públicos das nosas parroquias

Seguiremos apostando por transformar as prazas e entornos das igrexas das nosas parroquias para xerar espazos públicos centrais nos que as persoas se relacionen e nos que se fagan actividades.



Impulso á Eurocidade Cerveira-Tomiño

Apostaremos por consolidar a nosa eurocidade facendo máis políticas innovadoras de cooperación transfronteiriza. Procuraremos máis fondos europeos para desenvolver novos proxectos.



Cultura e deporte de base para unha sociedade máis dinámica

Apoio aos clubes deportivos locais de base e ao asociocionismo cultural. Fomento das Escolas Deportivas Municipais. Impulso á Escola de Musica e á Escola de Teatro.



Avanzando na eficiencia enerxética

Seguiremos investindo en medidas de eficiencia enerxética no alumeado público. Executaremos os proxectos financiados con fondos europeos para mellorar a eficiencia enerxética do edificio de servizos sociais e o da escola obradoiro, así como a instalación dunha caldeira de biomasa para ser o primeiro concello que utiliza este medio como sistema de quecemento.



Tomiño pensado para as persoas

Poremos en funcionamento este verán a nova avenida no Seixo que permitirá retirar os vehículos do centro. Executaremos o proxecto, que xa conta coa subvención aprobada da Deputación, da recuperación das rúas A Guarda e República Arxentina. Continuaremos mellorando o núcleo do Seixo como exemplo de núcleo urbano de preferencia peonil, accesíbel e pensado para as persoas.



+ Goián: o Goián do futuro

Comezaremos a reforma dos espazos públicos de Goián, xerando un núcleo peonil central que conecta os diversos equipamentos xa existentes. Executarase este verán o proxecto de reforma da carballeira e alameda e creación dos accesos peonís de conexión coa praza. No 2020 executarase o proxecto de peonalización da praza da Igrexa (subvencionado con fondos europeos), recuperando este espazo público para as persoas.



O Tomiño do río

Continuaremos executando fases da senda verde do río Miño co obxectivo de chegar até Tui. Conectaremos a nosas sendas coas ecovías portuguesas e crearemos o primerio parque ibérico transfronteirizo.



Un concello referente no modelo de autoxestión das augas

Continuaremos apoiando as nosas traídas de augas, tanto axudándoas en investimentos como en coñecemento. Seguiremos apostando na difusión de Tomiño como modelo a seguir no sistema de autoxestión de traídas veciñais.



Máis benestar social

Priorizaremos a área de benestar social, garantindo as axudas ás familias que máis o necesitan. Manteremos o apoio ao Servizo de Axuda no Fogar e servizos existentes: centro de día, dúas escolas infantís, centro de discapacidade...

